

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE CEDEIRA  
CURSO: 1º PRIMARIA  
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA.  
DEPARTAMENTO:  
DATA: 04/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas
B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan	EFB2.2.2 Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable.
B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan	EFB2.2.3 Relaciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características destes estímulos
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo - temporais.	EFB3.1.1 Desprazase de distintas formas, variando os puntos de apoio.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo - temporais.	EFB3.1.2 Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos	EFB3.1.3 Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de

e condicionantes espazo - temporais.	apoio, con coordinación e boa orientación espacial.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo - temporais.	EFB3.1.4 equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedementos: Observación dos vídeos entregados.
	Instrumentos: Esacala de observación sobre a tarefa enviada.
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final realizarase facendo a media dos resultados obtidos nos dous trimestres anteriores. Esta nota poderá ser aumentada sempre e cando se cumplan os seguintes criterios.</p> <p>Aplicarase as seguintes porcentaxes á nota media obtida nos outros dous trimestres.</p> <p>Aqueles alumnos/as que entreguen todos os vídeos verán incrementada a súa nota final nun 10% , se esas actividades están perfectamente executadas poderán incrementar a súa nota nun 90%.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Neste curso non hai ningún alumno/a coa materia suspensa en ningún dos trimestres.
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	As actividades propostas serán todas de repaso sobre os contidos traballados no 1º e 2º trimestre.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Tras a enquisa realizada polo centro, todo o alumnado ten acceso a internet e polo menos un dispositivo tecnolóxico para poder reproducir os vídeos.</p> <p>A organización dos contidos para este 3º trimestre fíxose de forma globalizada e integradora, proporcionando, de xeito continuo, procesos significativos para o alumnado, con obxecto de abordar os problemas, as situacións e os acontecementos nun contexto próximo aos seus intereses.</p> <p>O principal medio do proceso será o xogo, «método» e «medio» de ensino sintetizador tanto de finalidades como de contidos, e que xera unha gran motivación nos nenos e nenas, produto da súa natureza lúdica. Perseguiranse aquelas actividades máis globalizadoras, aínda que, dada a situación incrementarase as actividades de forma máis analítica.</p> <p>O proceso de ensino que propoño busca o desenvolvemento de habilidades e destrezas para regular a propia actividade de aprendizaxe, é dicir, unha aprendizaxe autónoma. Potenciarase no alumnado o interese por mellorar e o dominio progresivo das habilidades adquiridas.</p> <p>Propoño unha forma de ensino mediante a cal intento conseguir que os alumnos vivencien a actividade física e consigan aprendizaxes significativas. Baseóme nestes principios básicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Partir do nivel de desenvolvemento do alumno.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Construír aprendizaxes significativas</li> <li>- Lograr unha aprendizaxe autónoma.</li> <li>- Desenvolver e modificar as capacidades e os esquemas de coñecemento.</li> <li>- Lograr unha actividade intensa protagonizada polos alumnos/as.</li> </ul>
<b>Materiais e recursos</b>	Os materiais que emprego, ademais dos tecnolóxicos para poder reproducir os vídeos e poder envalos, son materiais que eles poidan ter na casa como calcetíns, papel hixiénico, folios, papeleiras, zapatos...

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	O procedemento que emprego para comunicarme coas familias é por medio do espazoabalar e por gmail para poder enviarme os vídeos coas actividades realizadas.
<b>Publicidade</b>	Dentro do blog do centro <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcedeira/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcedeira/</a> pódese atopar o blog para a área de Educación Física <a href="https://efceipdecedeira.blogspot.com/">https://efceipdecedeira.blogspot.com/</a>

